

**EXPTE.: 2312/500**

**MODIFICACIÓN  
ORDENANZA FISCAL  
REGULADORA**

**DOS DEREITOS E TAXAS  
POLA CONCESIÓN DE  
LICENZAS PARA  
CONSTRUCCIÓN, OBRAS E  
INSTALACIÓNS E OUTROS  
SERVIZOS URBANÍSTICOS (50)**

**2017**



**Concello de Vigo**

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

**Asunto: MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS 2017  
(ORDENANZAS 50 E 51)**

**Destinatario: Dirección de Ingresos**

Achégase proposta de modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras das taxas pola tramitación de licenzas de obras (ordenanza nº 50) e pola tramitación de licenzas de actividades e instalacións (ordenanza nº 51).

As modificacións esenciais introducidas, que non supoñen incremento das taxas vixentes, son as seguintes:

1) *Na taxa de licenzas de obras:* a inclusión como feito impoñible da actividade de control que debe exercer o Concello sobre as obras derivadas das ordes de execución ou das ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística.

2) *Na taxa de licenzas de actividades e instalacións:* a unificación das tarifas para todas as actividades, como consecuencia dos cambios operados na normativa urbanística, en particular pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que consolidou a comunicación previa como o réxime xeral de intervención urbanística. A tarifa unificada recolle os importes das actividades antes cualificadas como "inocuas" ou de tramitación normal.

JGR

Vigo, 18 de xullo de 2016

O XERENTE,

Carlos Hernández Figueruelo

CONFORME,

A VICEPRESIDENTE DA  
XERENCIA MPAL. DE URBANISMO

María José Caride Estévez



# ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN

## ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO

1. Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase con construcións e obras ou instalacións ou a realización de actividades técnicas e administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de “declaración responsable” ou “comunicación previa”.

**2. Constitúe feito imponible da taxa a actividade de control que debe exercer o Concello sobre as construcións, obras ou instalacións derivadas de ordes de execución, e sobre as obras derivadas de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística.**

3. Constitúe feito imponible desta taxa as actividades técnicas e administrativas conducentes á declaración de fora de ordenación das edificacións con infracción prescrita.

4. Igualmente constitúe feito imponible desta taxa a prestación doutros servizos urbanísticos relacionados no apartado C) do artigo 7 deste texto.

5. A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo por parte da Administración municipal, coa recepción da solicitude ou/e correspondente iniciación do expediente.

6. Unha vez nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algún pola denegación de licenza solicitada, ou a renuncia, ou desestimento do solicitante con posterioridade a súa concesión.

7. Nos casos de renuncia ou desestimento con anterioridade á concesión da licenza procederá a devolución do 50% da taxa ingresada, sempre que a solicitude fose presentada antes de que se formule proposta de resolución ao Órgano competente.

**8. Nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de “declaración responsable” ou “comunicación previa”, e o solicitante renuncie á realización da obra, construción ou instalación, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada sempre que a renuncia fose presentada con anterioridade ao momento en que a comunicación ou declaración adquiera eficacia.**

## ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

1. Son suxeitos pasivos obrigados ao pagamento dos dereitos e taxas previstas nesta ordenanza as persoas naturais ou xurídicas solicitantes e/ou titulares da respectiva licenza ou documento.

2. Os solicitantes e/ou titulares da licenza deberán facer constar na solicitude nome, DNI ou CIF, domicilio fiscal do dono do terreo, dono das obras e empresa construtora. En relación con esta última, en caso de non estar designada, aportarase no momento da súa designación.

### ARTIGO 3.

1. Responderán solidariamente cos suxeitos pasivos os propietarios ou posuidores, así como os arrendatarios, no seu caso, dos inmobles nos que se realicen as obras, instalacións ou construcións. No suposto dos arrendatarios só poderá esixirse a responsabilidade solidaria dos propietarios ou posuidores, se as obras fosen executadas coa súa conformidade e sen abuso de dereito.
2. Serán substitutos do contribuínte os promotores e os contratistas.

### ARTIGO 4.

1. Non estarán suxeitos á obriga de contribuír os titulares de licenzas ou **comunicacións previas** para branqueo, pintado ou reboco de exteriores, cerramentos con elementos vexetais e con elementos non opacos.
2. Non estarán suxeitos ao pago da taxa os pozos e fosas sépticas emprazados en zonas sen servizo municipal de auga e rede de sumidoiros.

### ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Gozarán de exención de taxas a intervención e control naquelas obras que reciban tratamento de “obra menor” polos servizos urbanísticos do Concello.
2. Gozarán de exención as taxas de licenzas de primeira ocupación relativas a vivendas cualificadas de protección oficial réxime especial.
3. Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta e de reforma incluídas nos “plans especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello”, así como edificios catalogados do PEEC, agás o disposto no apartado **C)** do artigo 7. Esta bonificación será do 100% para Bens de Interese Cultural nos termos e na extensión que determina a Lei 25/85 de Patrimonio Histórico Español. Estas bonificacións quedarán sen efecto se as obras non se axustan ao proxecto presentado e aprobado.
4. Segundo a norma 8.1.i) do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar sobre “tratamento de medianeiras ao descuberto” practicarase un recargo do 50% nas taxas de licenza correspondentes ao exceso de volume que resultase do devandito tratamento de medianeiras.
5. Gozarán de exención total de taxas as solicitudes de licenza de obra nova ou reforma que se acollan aos Programas de Rehabilitación de Vivenda nos ámbitos declarados oficialmente Areas de Rehabilitación Integral: PEPRI de Casco Vello e PEPRI de Bouzas, ARI de Coia e ARI de Santa Clara (Cabral).
6. Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). Os solicitantes das licenzas aportarán coa solicitude o correspondente acordo da Comisión de Goberno onde se cualifica a actividade como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM).

## ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE, LIQUIDABLE E COTAS

1. No caso das actividades descritas nos apartados 1 e 2 do artigo 1, a base imponible, que será igual á base liquidable, é o presuposto da construción, instalación ou obra a realizar.

2. No caso das actividades descritas no apartado 3 do artigo 1, a base imponible, que será igual á base liquidable, é o presuposto da obra actualizado á data da solicitude de declaración de fora de ordenación. No caso de existiren dificultades para presentar dito presuposto, a base liquidable será o valor catastral da construción multiplicado por 2.

3. Para os restantes servizos urbanísticos as bases liquidables figuran no apartado **D)** do artigo 7.

## ARTIGO 7.-

As cotas a satisfacer resultarán de aplicar os tipos seguintes:

A) Licenzas de obra ou “declaración responsable” ou “comunicación previa”: 0,95 por cento sobre a base liquidable.

**B) Actividade de control das obras derivadas de ordes de execución e de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística: 0,95 por cento sobre a base liquidable.**

C) Declaración de fora de ordenación das edificacións con infracción prescrita: 0,95 por cento sobre a base liquidable.

**D) Outros servizos urbanísticos:**

1.- Aliñacións e rasantes, por cada 10 m/l ou fracción .....6,30 €

2.- Inspección de obras, actividades e instalacións a instancia de parte, por imperativo legal ou causa de expediente contradictorio, por unidade.....24,95 €

3.- Licenzas de parcelación urbanística, **ou declaración de innecesariedade de parcelación**, por cada parcela resultante.....48,15 €

4.- Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluído custo anuncio prensa).....61,55 €

5.- Licenzas de primeira ocupación e primeira utilización ou posta en marcha da actividade.

**5.1 USO RESIDENCIAL VIVENDAS UNIFAMILIARES E “ADOSADOS”**

5.1.1. Vivendas de superficie construída inferior a 100 m<sup>2</sup>, por cada unha.....26,80 €

5.1.2. Vivendas de superficie construída entre 101 m<sup>2</sup> e 250 m<sup>2</sup>, por cada unha.....107,65 €

5.1.3. Vivendas de superficie construída superior a 250 m<sup>2</sup>, por cada unha.....250,65 €

**5.2 USO RESIDENCIAL VIVENDAS COLECTIVAS**

5.2.1. Vivendas (incluídos estudos e apartamentos), por cada unha.....13,80 €

5.2.2. Baixos lóbregos, por cada un.....18,35 €

5.2.3. Baixos divididos, por cada un.....9,25 €

5.2.4. Sotos, semisotos e plantas de uso accesorio tales como garaxes, trasteiros, bodegas, etc, por cada planta ou semiplanta.....13,80 €

**5.3 OUTROS USOS**

5.3.1. Licenzas de primeira ocupación de naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc, ata 500 m<sup>2</sup> de superficie

construída, por cada 10 m <sup>2</sup> ou fracción.....	1,75 €
Por cada 10 m <sup>2</sup> de exceso.....	0,40 €
5.3.2. Licenzas de primeira utilización ou posta en marcha de actividades, ata 500 m <sup>2</sup> de superficie construída, por cada 10 m <sup>2</sup> ou fracción.....	2,55 €
Por cada 10 m <sup>2</sup> de exceso.....	0,50 €
6. Solicitud de declaración de ruína.....	308,70 €

7. Por tramitación de proxecto de execución que desenvolva un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando, o presuposto de execución coincida co presuposto básico.....229,95 €

Para o caso en que o presuposto de execución supere o básico, practicarase amais da liquidación da cota sinalada no parágrafo precedente, liquidación de taxas relativo á diferenza de presuposto, con arranxo ao disposto no apartado A) deste artigo. Para o caso dos chamados “proxectos reformados” e “obras de reforma” aplicaranse idénticos criterios aos sinalados neste apartado para os proxectos de execución.

8. Por tramitación de expedientes de iniciativa particular relativos a planeamento secundario ou de desenvolvemento e de xestión urbanística, o importe da taxa ascenderá, en cada caso, ao custe dos anuncios en Diarios oficiais e prensa local.

Os interesados poderán tramitar e costear directamente as devanditas publicacións. Neste caso non se devenga taxa ningunha.

**9. Pola anotación preventiva da incoación de expedientes sobre disciplina urbanística ou restauración da legalidade urbanística, ou de aqueles que teñan por obxecto o apremio administrativo para garantir, tanto o cumprimento das sancións impostas, como das resolucións para restablecer a orde urbanística infrinxida, o importe da taxa ascenderá ao custe da anotación preventiva no rexistro da propiedade.**

**10. Pola anotación no rexistro da propiedade de actos firmes de aprobación de ordes administrativas de execución de obras para o cumprimento do deber de conservación, o importe da taxa ascenderá ao custe da nota marxinal no rexistro da propiedade.**

**11. Pola nota ao marxe da inscrición da declaración de obras novas, da concreta situación urbanística da mesma, coa delimitación do seu contido e indicación expresa das limitacións que se impoñan ao propietario, de conformidade co artigo 28.4.c) do RD Lexislativo 7/2015, a cota será o custe da inscrición no rexistro da propiedade.**

## ARTIGO 8.

1. As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitud, acreditar o ingreso do importe total estimado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. Será base liquidable, para o cálculo de cotas relativas **aos apartados A) e B)** do artigo 7, o importe do presuposto presentado polo interesado, **que deberá estar suscrito polo técnico autor do proxecto, e que en ningún caso poderá ser inferior ao resultado de aplicar os módulos do anexo da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.**

2. No caso de licenzas de obras para rebaixe de bordo de beirarrúas en establecementos comerciais ou industriais, o titular da licenza deberá depositar fianza por importe de 201,15 € que o Concello devolverá no momento en que o bordo sexa reparado e a beirarrúa volva ao seu estado primitivo.

3. En obras de vivendas de promoción pública da titularidade do Instituto Galego da

Vivenda e Solo, o prazo de ingreso destas taxas será dun mes contado dende a notificación da adxudicación do contrato de obras e en todo caso con anterioridade ao inicio das obras.

## ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Nesta materia rexerá a Ordenanza Fiscal Xeral e restante lexislación tributaria de aplicación.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1ª Conforme establece o artigo 10 do apartado 7 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles do Concello de Vigo, este acollerase ao procedemento de comunicación previsto no Texto Refundido da Lei reguladora do Catastro Inmobiliario, significando para os suxeitos pasivos-titulares catastrais, que quedarán eximidos da obriga de formular as declaracións catastrais consecuencia dos seguintes actos administrativos:

- Licenzas de obra de construción e ampliación.
- Licenzas de modificación, rehabilitación ou reforma.
- Licenzas de demolición.
- Licenzas de modificación de uso.

2ª Os suxeitos pasivos do IBI, destinatarios das licenzas anteditas quedarán liberados das obrigas de presentar a correspondente alteración catastral no momento en que entre en vigor o correspondente Convenio coa Dirección Xeral do Catastro.

## DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª. No non previsto na presente Ordenanza Fiscal, serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2016, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

### **INFORME ECONÓMICO SOBRE ESTIMACIÓN DE CUSTOS PARA O EXERCICIO 2017 DA TRAMITACIÓN DE LICENZAS DE OBRA E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS.**

O presente traballo pretende avaliar o custo previsible para o exercicio 2017 do servizo de licenzas urbanísticas, co obxecto de establece-las taxas destinadas a súa financiación.

Neste estudo inclúense a totalidade dos gastos tanto directos como indirectos, que contribúen á formación do custo do servizo, incluso os de carácter financeiro, amortización de inmovilizado e imputación de custos de centros mediais.

Utilizando información contida no Presuposto da Xerencia de Urbanismo do exercicio de 2016, así como no Presuposto Xeral do Concello e outros datos obtidos directamente nas propias oficinas do organismo autónomo, calcúlase o custo deste servizo segundo a seguinte estrutura:

#### **A) CUSTOS PRESUPOSTARIOS:**

- 1. Custos de Persoal.**
- 2. Compras correntes de bens e servizos.**
- 3. Imputación de custos de centros mediais.**

#### **B) CUSTOS EXTRAPRESUPOSTARIOS:**

- 1. Amortizacións técnicas.**
- 2. Custo de oportunidade.**

#### **A) CUSTOS PRESUPOSTARIOS:**

##### **1. Custo de Persoal:**

1.1. Retribucións recibidas polos traballadores (nóminas, pagas extra, etc.) e custos de Seguridade Social que ten que soportar a Xerencia, referido ao exercicio de 2016. No caso de





## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

que o persoal non estea adicado íntegramente a este servizo, impútase só a parte proporcional correspondente á súa adicación:

### Departamento de licenzas:

	<u>Custo anual</u>	<u>% adicación</u>	<u>Custo total</u>
1 Xefa de Servizo TAX	59.443,41	90%	53.499,07
2 Técnicos Admon.Xeral	110.773,57	90%	99.696,21
2 Arquitectos	115.466,53	90%	103.919,88
2 Arquitectos Técnicos	112.380,11	75%	84.285,08
2 Enxeñeiros de edificación	115.542,18	75%	86.656,64
3 Enxeñeiros Técnicos Industriais	166.457,19	30%	49.937,16
1 Enxeñeiro Industrial	55.472,94	30%	16.641,88
1 Xefe de oficina	39.434,99	50%	19.717,49
5 Administrativos	169.341,21	50%	84.670,60
1 TAX	54.791,47	25%	13.697,87
3 Arquitectos	171.257,70	25%	42.814,42
1 Arquitecto técnico	56.190,06	25%	14.047,51
1 Inspector de urbanismo	36.881,85	25%	9.220,46
1 Xefe de oficina	39.326,16	25%	9.831,54
2 Administrativos	64.259,75	25%	16.064,94
			<u>704.700,75</u>

Dos resultados da xestión deste Organismo Autónomo concluímos que máis da metade dos expedientes xerados corresponde ao servizo obxecto deste estudo, o que nos permitirá formular determinadas hipóteses para complementar este cálculo de custos:

1ª. O custo de persoal das dependencias de Rexistro, Arquivo e Información é imputable ao servizo de licenzas nun 60%.

2ª. Debemos considerar como centros mediais de custo, na medida en que son coadxuvantes no resultado final do Servizo de Licenzas de Actividades e Instalacións, as oficinas de Servizos Centrais, Informática, Conserxería, Planeamento e Xestión, Servizos Técnicos, Cartografía, Inspección e Xefatura, en porcentaxes que oscilan entre o 20% e o 40% do seu custo de persoal.

3ª. Polo que se refire a compras correntes de bens e servizos así como amortizacións técnicas do edificio e mobiliario e os correspondentes custos de oportunidade, debe entenderse que son imputables nun 60% ao Servizo de Licenzas.

En base á 1ª das hipóteses formuladas debe considerarse persoal directamente afecto á tramitación de licenzas de obra o 60% do persoal das seguintes dependencias:



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

	Custo anual	% adicación	Custo Total
Arquivo	179.108,67.-	60%	107.465,20
Rexistro	139.836,73.-	60%	83.902,04
Información	77.469,59.-	60%	46.481,76
	<b>TOTAL</b>		<b>237.849,00</b>

Segundo información facilitada polo propio Servizo de Actas e Resolúcións deben computarse os seguintes custos de persoal:

	Custo anual	% adicación	Custo total
Secretario Xerencia	79.492,35.-	20%	15.898,47
1 Auxiliar	29.235,22.-	80%	23.388,17
1 Xefa de Negociado	39.434,99.-	20%	7.887,00
	<b>TOTAL</b>		<b>47.173,64</b>

En consecuencia o custo de persoal implicado directamente no servizo, ascende para 2016 a **989.723,39 euros**.

### **2. Compras correntes de bens e servizos:**

Para estimar este renglón de custo, utilizamos a hipótese 3ª formulada no apartado anterior. Aplicamos ás previsións presupostarias de gastos para 2016 a porcentaxe do 60%:

Capítulo II do Presuposto da Xerencia 2016 = 1.440.240,37 €.-

Custo imputable ao Servizo de Licenzas = **864.144,22 €.-**

### **3. Imputación de custos de centros mediais**

3.1. Centros mediais da propia Xerencia de Urbanismo. Consideramos como tales os Servizos que, non implicados directamente na tramitación das licenzas, sí son imprescindibles para a súa expedición, na hipótese de participación no custo do Servizo de Licenzas dun 40 ou 25% do custo de Persoal.

	Custo total		Custo Imputable
Servizos centrais	199.046,95.-	(30%)	59.714,08.-
Informática	128.431,48.-	(30%)	38.529,44.-
Conserxería	138.557,96.-	(30%)	41.567,39.-
Servizo de Planeamento e Xestión	511.780,65.-	(25%)	127.945,16.-
Servizos Técnicos	113.862,25.-	(40%)	45.544,90.-



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

Cartografía e Delineación	274.959,61.-	(25%)	68.739,90.-
Inspección de Obras	220.585,49.-	(40%)	88.234,20.-
Xefatura	257.003,72.-	(40%)	102.801,49.-

Total Centros Mediais Xerencia 2016 .....**573.076,56.-**

### 3.2. Centros Mediais da Administración do Concello:

Seguridade, Tráfico e Transportes:

Segundo estimación do Xefe de Seguridade, Tráfico e Transportes, éste destina un 5% do seu tempo de traballo ao Servizo de Licenzas de obras:

5% s/ 88.561,92 = 4.428,10.-

Total Centros Mediais Concello no 2016 = **4.428,10.-**

## **B) CUSTOS EXTRAPRESUPOSTARIOS**

### **1.- Amortizacións Técnicas:**

Segundo o establecido anteriormente no apartado A.1 deste estudo amortizaremos aplicando o método lineal ao 60% do valor do edificio do organismo autónomo:

<u>Concepto</u>	<u>Importe</u>	<u>60%</u>	<u>Vida útil (anos)</u>	<u>Amortización</u>
Construcións	719.095,69	431.457,41	50	<b>8.629,15 €</b>

### **2.- Custo de Oportunidade**

Coa mesma hipótese 3ª mencionada no apartado A.1 deste estudo calculamos este concepto de custo aplicando o tipo de interés legal vixente en 2016 ás cantidades investidas a cargo de fondos propios:

3% s/ 2.440.001,42 = 73.200,04 euros.-



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

### RESUME DE CUSTOS TRAMITACIÓN LICENZA DE OBRAS

A) CUSTOS PRESUPOSTARIOS:	2.431.372,27 euros.-
1. Custos de persoal: nóminas, seguridade social, etc.:	989.723,39 euros.-
2. Compras corrientes de bens e servizos:	864.144,22 euros.-
3. Imputación de custos de centros mediais:	
3.1. Centros mediais Xerencia	573.076,56 euros.-
3.2. Centros mediais Concello	4.428,10 euros.-
B) CUSTOS EXTRAPRESUPOSTARIOS:	81.829,19 euros.-
1. Amortizacións Técnicas	8.629,15 euros.-
2. Custo de oportunidade	73.200,04 euros.-
TOTAL CUSTO DO SERVIZO NO ANO 2016.....	<b>2.513.201,46 euros.-</b>

Estímase que o custo previsible para o ano 2017 non sufrirá cambios significativos respecto do exercicio actual.

### DETERMINACIÓN DE TARIFAS

No ano 2015 a recadación pola taxa de licenzas de obras foi de 695.639,78 euros e 23.948,90 euros pola taxa de 1ª ocupación. Coas tarifas vixentes na actualidade, facendo unha estimación a partir dos datos dos 5 primeiros meses do ano, os ingresos efectivos por ambos conceptos que se preveen para o exercicio 2016 é de 379.487,54 euros pola taxa de obras e 16.799,76 euros pola taxa de primeira ocupación.

Formulando a hipótese de que as licenzas a tramitar no exercicio 2017 serán de entidade similar as tramitadas no exercicio actual, para a cobertura total do custo do servizo (2.513.201,46 euros), cumpriría incrementar as taxas nun 634,19 %.

A proposta contida na modificación de Ordenanza non contempla un incremento das tarifas. Introdúcense variacións no texto co fin de clarificalo e adaptalo ás novidades normativas dos



## Concello de Vigo


XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

últimos anos. Asimesmo detállanse determinados supostos de feito impositivo e cotas. Ditas modificacións non ten influencia sobre a previsión de ingresos para o ano 2017.

As tarifas propostas, cumpren, no que atinxe a súa contía, o disposto no artigo 24.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vigo, 16 de xuño de 2016

A técnica de Tesourería e  
Xestión de Ingresos



Asdo: Ana M<sup>a</sup> Martín Herrero



**ORDENANZA N° 50:**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓNS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS. 2016**

**ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO**

1. Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcións e obras ou instalacións ou a realización de actividades técnicas e administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de "declaración responsable" ou "comunicación previa".

2. Constitúe feito imponible desta taxa as actividades técnicas e administrativas conducentes á declaración de fora de ordenación das edificacións con infracción prescrita.

3. Igualmente constitúe feito imponible desta taxa a prestación doutros servizos urbanísticos relacionados no apartado C) do artigo 7 deste texto.

4. A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo por parte da Administración municipal, coa recepción da solicitude ou/e a correspondente iniciación do expediente.

5. Unha vez nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algún pola denegación de licencia solicitada, ou a renuncia, ou desestimento do solicitante con posterioridade a súa concesión.

6. Nos casos de renuncia ou desestimento con anterioridade á concesión da licencia procederá a devolución do 50 % da taxa ingresada, sempre que

**ORDENANZA N° 50:**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓNS. 2017**

**ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO**

2. Constitúe feito imponible da taxa a actividade de control que debe exercer o Concello sobre as construcións, obras ou instalacións derivadas de ordes de execución, e sobre as obras derivadas de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística.

3. *(antes 2).*

4. *(antes 3)*

5. *(antes 4)*

6. *(antes 5)*

7. *(antes 6)*



a solicitude fose presentada antes de que se formule proposta de resolución ó Órgano competente.

## ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

1. Son suxeitos pasivos obrigados ó pagamento dos dereitos e taxas previstas nesta ordenanza as persoas naturais ou xurídicas solicitantes e/ou titulares da respectiva licenzia ou documento.

2. Os solicitantes e/ou titulares da licenzia deberán facer constar na solicitude nome, DNI, ou CIF, domicilio fiscal do dono do terreo, dono das obras e empresa construtora. En relación con esta última, en caso de non estar designada, aportarase no momento da súa designación.

## ARTIGO 3.-

1. Responderán solidariamente cos suxeitos pasivos os propietarios ou posuidores, así como os arrendatarios, no seu caso, dos inmobles nos que se realicen as obras, instalacións ou construcións. No suposto dos arrendatarios só poderá esixirse a responsabilidade solidaria dos propietarios ou posuidores, se as obras fosen executadas coa súa conformidade e sen abuso de dereito.

2. Serán substitutos do contribuínte os promotores e os contratistas.

## ARTIGO 4.-

1. Non estarán suxeitos á obriga de contribuír os titulares de licenzas para branqueo, pintado ou reboco de exteriores, cerramentos con elementos vexetais e con elementos non opacos.

2. Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa os pozos e fosas sépticas emprazados en zonas sen servizo municipal de auga e rede de sumidoiros.

8. Nos supostos nos que a esixencia de licenzia fora substituída pola presentación de “declaración responsable” ou “comunicación previa”, e o solicitante renuncie á realización da obra, construción ou instalación, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada sempre que a renuncia fose presentada con anterioridade ao momento en que a comunicación ou declaración adquiera eficacia.

## ARTIGO 4.

1. Non estarán suxeitos á obriga de contribuír os titulares de licenzas ou **comunicacións previas** para branqueo, pintado ou reboco de exteriores, cerramentos con elementos vexetais e con elementos non opacos.



## ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Gozarán de exención de taxas a intervención e control naquelas obras que reciban tratamento de “obra menor” polos servizos urbanísticos do Concello.

2. Gozarán de exención as taxas de licencias de primeira ocupación relativas a vivendas cualificadas de protección oficial réxime especial.

3. Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta e de reforma incluídas nos “plans especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello”, así como edificios catalogados do PEEC, agás o disposto no apartado B) do artigo 7. Esta bonificación será do 100% para Bens de Interese Cultural nos termos e na extensión que determina a Lei 25/85 de Patrimonio Histórico Español. Estas bonificacións quedarán sen efecto se as obras non se axustan ó proxecto presentado e aprobado.

4. Segundo a norma 8.1.i) do Plan especial de edificios conxuntos e elementos a conservar sobre “tratamento de medianeiras ao descuberto” practicarase un recargo do 50% nas taxas de licencia correspondentes ao exceso de volume que resultase do devandito tratamento de medianeiras.

5. Gozarán de exención total de taxas as solicitudes de licencia de obra nova ou reforma que se acollan aos Programas de Rehabilitación de Vivenda nos ámbitos declarados oficialmente Areas de Rehabilitación Integral: PEPRI de Casco Vello e PEPRI de Bouzas, ARI de Coia e ARI de Santa Clara(Cabral).

6. Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). Os solicitantes das licencias aportarán coa solicitude o correspondente acordo da Comisión de Goberno onde se cualifica a actividade como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM).

## ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE, LIQUIDABLE E COTAS

1. No caso das actividades descritas no apartado 1

## ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

3. Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta e de reforma incluídas nos “plans especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello”, así como edificios catalogados do PEEC, agás o disposto no apartado C) do artigo 7. Esta bonificación será do 100% para Bens de Interese Cultural nos termos e na extensión que determina a Lei 25/85 de Patrimonio Histórico Español. Estas bonificacións quedarán sen efecto se as obras non se axustan ao proxecto presentado e aprobado.

## ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE, LIQUIDABLE E COTAS

1. No caso das actividades descritas nos apartados





do artigo 1 a base imponible que será igual a base liquidable é o presuposto da construción, instalación ou obra a realizar.

2. No caso das actividades descritas no apartado 2 do artigo 1 a base imponible que será igual a base liquidable é o presuposto da obra actualizado á data da solicitude de declaración de fora de ordenación. No caso de existiren dificultades para presentar dito presuposto, a base liquidable será o valor catastral da construción multiplicado por 2.

3. Para os restantes servizos urbanísticos as bases liquidables figuran no apartado C) do artigo 7.

### ARTIGO 7.-

As cotas a satisfacer resultarán de aplica-los tipos seguintes:

A) Licenzas de obra ou "declaración responsable " ou "comunicación previa": 0,95 por cento sobre a base liquidable.

B) Declaración de fora de ordenación das edificacións con infracción prescrita: 0,95 por cento sobre a base liquidable.

C) Outros servizos urbanísticos:

1.- Aliñacións e rasantes, por cada 10 m/l ou fracción. 6,30 €

2.- Inspección de obras, actividades e instalacións a instancia de parte, por imperativo legal ou causa de expediente contradictorio, por unidade. 24,95 €

3.- Licenzas de parcelación urbanística, por cada parcela resultante. 48,15 €

4.- Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluíndo custo anuncio prensa). 61,55 €

5.- Licenzas de primeira ocupación e primeira utilización ou posta en marcha da actividade.

5.1 USO RESIDENCIAL VIVENDAS UNIFAMILIARES E "ADOSADOS"

1 e 2 do artigo 1, a base imponible, que será igual á base liquidable, é o presuposto da construción, instalación ou obra a realizar.

2. No caso das actividades descritas no apartado 3 do artigo 1 a base imponible que será igual a base liquidable é o presuposto da obra actualizado á data da solicitude de declaración de fora de ordenación. No caso de existiren dificultades para presentar dito presuposto, a base liquidable será o valor catastral da construción multiplicado por 2.

3. Para os restantes servizos urbanísticos as bases liquidables figuran no apartado D) do artigo 7.

### ARTIGO 7.-

As cotas a satisfacer resultarán de aplicar os tipos seguintes:

A) Licenzas ...

**B) Actividade de control das obras derivadas de ordes de execución e de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística: 0,95 por cento sobre a base liquidable.**

C) (antes B)

D) (antes C)

3.- Licenzas de parcelación urbanística, **ou declaración de innecesariedade de parcelación**, por cada parcela resultante . 48,15 €



5.1.1. Vivendas de superficie construída inferior a 100 m2, por cada unha. 26,80 €

5.1.2. Vivendas de superficie construída entre 101 m2 e 250 m2, por cada unha. 107,65 €

5.1.3. Vivendas de superficie construída superior a 250 m2, por cada unha. 250,65 €

## 5.2 USO RESIDENCIAL VIVENDAS COLECTIVAS

5.2.1. Vivendas (incluídos estudos e apartamentos), por cada unha. 13,80 €

5.2.2. Baixos lóbregos, por cada un. 18,35 €

5.2.3. Baixos divididos, por cada un. 9,25 €

5.2.4. Sotos, semisotos e plantas de uso accesorio tales como garaxes, trasteiros, bodegas, etc, por cada planta ou semiplanta. 13,80 €

## 5.3 OUTROS USOS

5.3.1. Licenzas de primeira ocupación de naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc, ata 500 m2 de superficie construída, por cada 10 m2 ou fracción. 1,75 €

Por cada 10 m2 de exceso. 0,40 €

5.3.2. Licenzas de primeira utilización ou posta en marcha de actividades, ata 500 m2 de superficie construída, por cada 10 m2 ou fracción. 2,55 €

Por cada 10 m2 de exceso. 0,50 €

6. Solicitud de declaración de ruína. 308,70 €

7. Por tramitación de proxecto de execución que desenvolva un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando, o presuposto de execución coincida co presuposto básico. 229,95 €

Para o caso en que o presuposto de execución supere o básico practicarase amais da liquidación da cota sinalada no parágrafo precedente, liquidación de taxas relativo á diferenza de presuposto, con arranxo ao disposto no apartado A) deste artigo. Para o caso dos chamados “proxectos reformados” e “obras de reforma” aplicaranse idénticos criterios aos sinalados neste apartado para os proxectos de execución.



8. Por tramitación de expedientes de iniciativa particular relativos a planeamento secundario ou de desenvolvemento e de xestión urbanística, o importe da taxa ascenderá, en cada caso, ao custe dos anuncios en Diarios oficiais e prensa local.

Os interesados poderán tramitar e costear directamente as devanditas publicacións. Neste caso non se devenga taxa ningunha.

Se o resultado de aplicación das tarifas previstas neste artigo fose inferior a 22,05 €, prevalecerá este importe como cota mínima.

*(Suprímese o último parágrafo do apartado 8)*

**9. Pola anotación preventiva da incoación de expedientes sobre disciplina urbanística ou restauración da legalidade urbanística, ou de aqueles que teñan por obxecto o apremio administrativo para garantir, tanto o cumprimento das sancións impostas, como das resolucións para restablecer a orde urbanística infrinxida, o importe da taxa ascenderá ao custe da anotación preventiva no rexistro da propiedade.**

**10. Pola anotación no rexistro da propiedade de actos firmes de aprobación de ordes administrativas de execución de obras para o cumprimento do deber de conservación, o importe da taxa ascenderá ao custe da nota marxinal no rexistro da propiedade.**

**11. Pola nota ao marxe da inscrición da declaración de obras novas, da concreta situación urbanística da mesma, coa delimitación do seu contido e indicación expresa das limitacións que se impoñan ao propietario, de conformidade co artigo 28.4.c) do RD Legislativo 7/2015, a cota será o custe da inscrición no rexistro da propiedade.**

## **ARTIGO 8.-**

1. As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presenta-la correspondente solicitude, acreditar o ingreso do importe total estimado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. Será base liquidable, para o cálculo de cotas relativas ó

## **ARTIGO 8.**

1. As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude, acreditar o ingreso do importe total estimado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. Será base liquidable, para o cálculo de cotas relativas **aos apartados A) e B)** do artigo 7, o importe do presuposto presentado polo interesado, **que deberá estar suscrito polo técnico autor do proxecto, e que en ningún caso poderá ser inferior ao**



apartado A) do artigo 7, o importe do presuposto presentado polo interesado, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente.

2. No caso de licenzas de obras para rebaixe de bordo de beirarrúas en establecementos comerciais ou industriais, o titular da licenza deberá depositar fianza por importe de 201,15 € que o Concello devolverá no momento en que o bordo sexa reparado e a beirarrúa volva ao seu estado primitivo.

3. En obras de vivendas de promoción pública da titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, o prazo de ingreso destas taxas será dun mes contado dende a notificación da adxudicación do contrato de obras e en todo caso con anterioridade ó inicio das obras.

### ARTIGO 9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Nesta materia rexerá a Ordenanza Fiscal Xeral e restante lexislación tributaria de aplicación.

### DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

1ª. Conforme establece o artigo 10 apartado 7 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis do Concello de Vigo, este acollerase ó procedemento de comunicación previsto no Texto Refundido da Lei reguladora do Catastro Inmobiliario, significando para os suxeitos pasivos-titulares catastrais .que quedarán eximidos da obriga de formular as declaracións catastrais consecuencia dos seguintes actos administrativos:

- Licenzas de obra de construción e ampliación.
- Licenzas de modificación, rehabilitación ou reforma.
- Licenzas de demolición
- Licenzas de modificación de uso.

2ª Os suxeitos pasivos do IBI, destinatarios das

resultado de aplicar os módulos do anexo da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

### DISPOSICIÓNS ADICIONAIS



licencias anteditas quedarán liberados das obrigas de presentar a correspondente alteración catastral no momento no que entre en vigor o correspondente Convenio coa Dirección Xeral do Catastro.

### **DISPOSICIÓN FINAIS**

1ª. No non previsto na presente Ordenanza Fiscal, serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2016, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

### **PUBLICACIÓNS B.O.P.:**

23 DE DECEMBRO DE 1992  
28 DE DECEMBRO DE 1994  
27 DE DECEMBRO DE 1995  
30 DE DECEMBRO DE 1996  
30 DE DECEMBRO DE 1999  
27 DE DECEMBRO DE 2000  
30 DE NOVIEMBRE DE 2001  
26 DE DECEMBRO DE 2002  
30 DE DECEMBRO DE 2003  
29 DE NOVIEMBRE DE 2004  
7 DE DECEMBRO DE 2005  
30 DE DECEMBRO DE 2006  
10 DE DECEMBRO DE 2007  
10 DE DECEMBRO DE 2008  
11 DE DECEMBRO DE 2009  
29 DE NOVIEMBRE DE 2010  
14 DE DECEMBRO DE 2010  
22 DE NOVIEMBRE DE 2011  
21 DE DECEMBRO DE 2012  
25 DE NOVIEMBRE DE 2015

### **DISPOSICIÓN FINAIS**

2ª Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

**DIRECCIÓN  
DE  
INGRESOS**

**CONCELLERÍA  
DE  
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**INFORME-PROPOSTA:**

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos Municipal presenta a proposta da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola concesión de licenzas para Construcións, Obras e Instalacións, que figura no presente expediente.

Segundo proposta formulada con data 18 de xullo de 2016 polo Xerente Municipal de Urbanismo coa conformidade da Vicepresidenta da Xerencia, introdúcense as seguintes modificacións:

Incorpórase un apartado 2 no artigo 1 que completa o feito impositivo desta taxa co suposto do “control das obras que debe exercer o Concello nos casos de construcións, obras e instalacións derivadas de ordes de execución e outras impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística”.  
Esta inclusión vén a solventar e corrixir a inxustiza fiscal que supoñía, na ordenanza vixente, o non sometemento á taxa das obras que debían realizar os infractores para restituír a legalidade urbanística.

Introdúcese un apartado 8 no artigo 1 da ordenanza destinado a prever a devolución do 50% da taxa ingresada nos supostos de renuncia, tendo sido realizado o feito impositivo a partir dunha “comunicación previa” ou “declaración responsable”.

Engádese un apartado B) no artigo 7 por coherencia co disposto no apartado 2 do artigo 1.

Complétase o epígrafe 3 do apartado D) do artigo 7 por identidade das actividades administrativas a realizar no suposto de “licenza de parcelación” e “declaración de innecesiedade de parcelación”.

Introdúcense no mesmo artigo 7 os apartados 9, 10 e 11 para fixar unha taxa, en contía idéntica ao custo das anotacións no rexistro da propiedade, para determinados supostos de obrigado cumprimento regulados nos artigos 65 e 28 do Real Decreto Legislativo 7/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

A presente modificación axústase ao disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e, en particular ao artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do Tribunal Económico-Administrativo (TEA) do Concello o “Proxecto de Modificación da presente ordenanza fiscal”, así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de ordenanza fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto” tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2016 14:23	Páxina 1 de 4
Expediente 2312/500	Código de verificación: 2DE84-BAE22-C5B2E-4C82C	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**DIRECCIÓN  
DE  
INGRESOS**

**CONCELLERÍA  
DE  
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no trámite que determina o Regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao Proxecto que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, formula á Xunta de Goberno Local, a seguinte:

**PROPOSTA:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte

**“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓNS TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO”. (50)**

**ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO**

*(Introdúcense apartados 2 e 8 do seguinte tenor literal)*

2. Constitúe feito impoñible da taxa a actividade de control que debe exercer o Concello sobre as construcións, obras ou instalacións derivadas de ordes de execución, e sobre as obras derivadas de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística.

8. Nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de “declaración responsable” ou “comunicación previa”, e o solicitante renuncie á realización da obra, construción ou instalación, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada sempre que a renuncia fose presentada con anterioridade ao momento en que a comunicación ou declaración adquira eficacia.

**ARTIGO 4.-**

*(Complétase a redacción do apartado 1)*

1. Non estarán suxeitos á obriga de contribuír os titulares de licenzas ou **comunicacións previas** para branqueo, pintado ou reboco de exteriores, cerramentos con elementos vexetais e con elementos non opacos.

**ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

*(Modificación derivada do novo texto do artigo 7)*

3. Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta e de reforma incluídas nos “plans especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello”, así como edificios catalogados do PEEC, agás o disposto no apartado **C)** do artigo 7. Esta bonificación será do 100% para Bens de Interese Cultural nos termos e na extensión que determina a Lei 25/85 de Patrimonio Histórico Español. Estas bonificacións quedarán sen efecto se as obras non se axustan ao proxecto presentado e aprobado.

**ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE, LIQUIDABLE E COTAS**

*(Modificacións derivadas do texto do artigo 1 e do artigo 7)*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:23

Páxina 2 de 4

Expediente 2312/500

Código de verificación: 2DE84-BAE22-C5B2E-4C82C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**DIRECCIÓN  
DE  
INGRESOS**

**CONCELLERÍA  
DE  
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



1. No caso das actividades descritas nos apartados **1 e 2** do artigo 1, a base impositiva, que será igual á base liquidable, é o presuposto da construción, instalación ou obra a realizar.

2. No caso das actividades descritas no apartado **3** do artigo 1 a base impositiva que será igual a base liquidable é o presuposto da obra actualizado á data da solicitude de declaración de fora de ordenación. No caso de existiren dificultades para presentar dito presuposto, a base liquidable será o valor catastral da construción multiplicado por 2.

3. Para os restantes servizos urbanísticos as bases liquidables figuran no apartado **D)** do artigo 7.

**ARTIGO 7.-**

*(Introdución dun apartado B) derivado da modificación no feito impositivo así como de cotas tributarias para os supostos de anotación no rexistro da propiedade por aplicación da Lei do Solo)*

B) Actividade de control das obras derivadas de ordes de execución e de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística: 0,95 por cento sobre a base liquidable.

C) *(antes B)*

D) *(antes C)*

3.- Licenzas de parcelación urbanística, **ou declaración de innecesiedade de parcelación**, por cada parcela resultante 48,15 €

9. Pola anotación preventiva da incoación de expedientes sobre disciplina urbanística ou restauración da legalidade urbanística, ou de aqueles que teñan por obxecto o apremio administrativo para garantir, tanto o cumprimento das sancións impostas, como das resolucións para restablecer a orde urbanística infrinxida, o importe da taxa ascenderá ao custe da anotación preventiva no rexistro da propiedade.

10. Pola anotación no rexistro da propiedade de actos firmes de aprobación de ordes administrativas de execución de obras para o cumprimento do deber de conservación, o importe da taxa ascenderá ao custe da nota marxinal no rexistro da propiedade.

11. Pola nota ao marxe da inscrición da declaración de obras novas, da concreta situación urbanística da mesma, coa delimitación do seu contido e indicación expresa das limitacións que se impoñan ao propietario, de conformidade co artigo 28.4.c) do RD Lexislativo 7/2015, a cota será o custe da inscrición no rexistro da propiedade.

**ARTIGO 8.-**

*(Modificación derivada da nova redacción do artigo 7)*

1. As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude, acreditar o ingreso do importe total estimado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. Será base liquidable, para o cálculo de cotas relativas aos apartados A) e B) do artigo 7, o importe do presuposto presentado polo interesado, que deberá estar subscrito polo técnico autor do





**DIRECCIÓN  
DE  
INGRESOS**

**CONCELLERÍA  
DE  
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



proxecto, e que en ningún caso poderá ser inferior ao resultado de aplicar os módulos do anexo da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a ditame do Tribunal Económico-Administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado, en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Vigo, Agosto de 2016

Asinan a Técnica Xurídica de Dirección de Ingresos / Xefa da Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos.

Conforma o Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2016 14:23	Páxina 4 de 4
Expediente 2312/500	Código de verificación: 2DE84-BAE22-C5B2E-4C82C	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
TRIB. EC-ADM

## ACTA

**Sesión Extraordinaria e urxente número 2016/18 do día trinta e un de agosto de dous mil dezaséis**

### ASISTENTES

Presidente :D. Albino Rodríguez Ferreira

Vocal :D. Miguel A. Pola Tombo

Secretario :D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

No Concello de Vigo, sendo as 13'00 horas do día trinta e un de agosto de dous mil dezaséis, reúnese, en sesión Extraordinaria e urxente, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa asistencia dos membros anteriormente suliñados.

Aberta a sesión pola Presidencia, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos para a súa válida constitución, a Sala comeza tratar os seguintes asuntos, incluídos na orde do día da convocatoria feita o día trinta e un de agosto de dous mil dezaséis

### ORDE DO DIA

#### **1. Ratificación da urxencia**

Aprobase, por unanimidade, a declaración da urxencia da sesión

#### **2.- TIPO: Informe DIRECCIÓN DE INGRESOS**

**EXPEDIENTE: ORDENANZAS 2017 REF: I4035 E4203 P3679**

**ASUNTO: Informe previo sobre modificación das Ordenanzas Fiscaís que se relacionan**

#### **Examinada PROPOSTA DE INFORME incorporada ó expediente para votación e acordo có seguinte literal**

Remítense a este Tribunal os expedientes relativos á modificación das seguintes Ordenanza Fiscaís a fin de que se emita informe previo:

1)ORDENANZA FISCAL XERAL (1), que modifica asimesmo:

- ordenanza fiscal nº 2, reguladora do imposto sobre bens inmobles
- ordenanza nº 11 Fiscal Reguladora das Taxas do Servizo de taxi
- ordenanza nº 15, reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos
- ordenanza nº 20, reguladora das taxas pola prestación de servizos de limpeza de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de residuos na planta de transferencia
- ordenanza nº 21, reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Vigo
- ordenanza nº 23 reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de Educación Infantil

Páx 1 de 3



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:23

Páxina 1 de 3

Expediente 2312/500

Código de verificación: 22EE4-DAC2A-CCBCE-4EABC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**CONCELLO DE VIGO**  
**TRIB. EC-ADM**

- ordenanza fiscal nº 30, reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

2)ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (3)

3) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓNS TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO". (50)

4) ORDENANZA FISCAL REGULADORA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS" (51)

5) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS" (60)

En atención o requirimento efectuado este Tribunal ten a honra de informar o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE E TRAMITACIÓN:**

A modificación das Ordenanzas Fiscaís ven regulada, nos aspectos que aquí nos interesan, nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(LFL).

- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo acordo do Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 14 de xuño de 2.004 (ROTEACV).

A modificación das Ordenanzas fiscaís é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 123.1.g ("La determinación de los recursos propios de carácter tributario") e a súa tramitación non sigue as normas xerais de modificacións de Ordenanzas e Regulamentos que veñen establecidas pola propia LRBRL, sinón as específicas establecidas polo TRLFL.

Efectivamente, compre ter en conta que o artigo 111 LRBRL establece que "Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la imposición y ordenación de tributos locales..." e que a dita normativa está contida nos artigos 15 a 19 da LFL, polo que, no caso das Ordenanzas Fiscaís, a súa tramitación non segue o procedemento ordinario nin o establecido polo Regulamento Orgánico do Pleno, cuxo artigo 89,1 xa exclúe da tramitación polas normas nel contidas os proxectos normativos que contén con lexislación sectorial aplicable e dita lexislación, coma dixemos, e a dos artigos 15 e 19 da LFL, ós que se remite o artigo 111 da LRBRL.

Nesta regulación sectorial, e e concreto no artigo 17 LFL, se prevé un específico trámite de información pública para que, antes da aprobación definitiva, os interesados que cita a propia Lei poidan "presentar reclamaciones" concepto éste máis concreto e restrictivo que o de "alegaciónes y observaciones" do procedemento xeral.

Por iso, e sin prexuízo de que, antes de sometelo a aprobación plenaria, o goberno municipal poida efectuar as súas lexitimas transaccións cós grupos municipais ou incluso emendar o propio texto proposto, o Pleno non pode máis que ratificar ou non o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e posteriormente dictaminado por este Tribunal Económico Administrativo en virtude do disposto nos artigos 137.1.b da LRBRL e 2.b do ROTEACV.

Tal e coma se recolle nas propostas remitidas, "O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Páx 2 de 3



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:23

Páxina 2 de 3

Expediente 2312/500

Código de verificación: 22EE4-DAC2A-CCBCE-4EABC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**CONCELLO DE VIGO**  
**TRIB. EC-ADM**

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose emendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as emendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA. "

**SOBRE AS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS**

Examinadas as modificacións propostas, compre declarar en único acto a legalidade de todas e cada unha delas nos termos das propostas asinadas electrónicamente e que se incorporan ós expedientes do Tribunal. Por elo, e sin extensión do presente informe pola premura existente, se informan favorablemente sin prexuízo do dictame concreto que se emitirá para cada unha delas unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local e que resultará favorable de non se producir trocos na redacción dos textos

**A Sala, por unanimidade, acorda:**

**Prestar conformidade ó informe e, en consecuencia, dictaminar favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza subliñada**

**Non habendo mais asuntos que tratar, e coa aprobación da presente, unha vez lida, sendo as 13'30 horas do día trinta e un de agosto de dous mil dezaséis, o Sr. Presidente da por rematada a sesión, o que eu, Secretario, fago constar.**

Vigo, a trinta e un de agosto de dous mil dezaséis

O Secretario

Asdo: Manuel Xosé Lorenzo Penela

Vº e pr; o Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira

Páx 3 de 3



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:23

Páxina 3 de 3

Expediente 2312/500

Código de verificación: 22EE4-DAC2A-CCBCE-4EABC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

**ASUNTO: MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2017 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCIÓN OBRAS E INSTALACIÓNS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS (Expte. 2312-500).**

Remitida á Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referenciado ao obxecto da emisión do preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no artigo 214 RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

**INFORME:**

**Primeiro. Normativa de aplicación.**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 15 a 19.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. (LXT)
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación. (RXR)
- Real Decreto 1.065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, modificada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Modificación do Réxime das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter público. (LTPP)
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEOSF)
- Regulamento Orgánico do Pleno.

**Segundo. Documentos que integran o expediente.**

- Proposta de modificación da Ordenanza asinada polo Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo o 18 de xullo de 2016, coa conformidade da



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:23

Páxina 1 de 4

Expediente 2312/500

Código de verificación: 23E84-3A32B-CBBBE-A8245

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

Vicepresidenta do citado organismo autónomo.

- Informe económico do custo do servizo para o exercicio 2017 elaborado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos da XMU o 16 de xuño de 2016.
- Texto da Ordenanza vixente así como a nova redacción proposta.
- Informe-proposta de data 29 de agosto de 2016 asinado pola Técnica Xurídica da Dirección de Ingresos e pola Directora de ingresos, e conformado polo Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Informe do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado en sesión extraordinaria e urxente número 2016/18 do 31/08/2016, en cumprimento do disposto no artigo 137.1 b) da LRBRL.

### Terceiro. Modificación proposta.

Segundo a proposta formulada polo Xerente Municipal de Urbanismo introdúcense as seguintes modificacións:

- Incorpórase un apartado 2 no artigo 1 que completa o feito impoñible desta taxa co suposto do “control das obras que debe exercer o Concello nos casos de construcións, obras e instalacións derivadas de ordes de execución e outras impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística”.
- Introdúcese un apartado 8 no artigo 1 da ordenanza destinado a prever a devolución do 50% da taxa ingresada nos supostos de renuncia, tendo sido realizado o feito impoñible a partir dunha “comunicación previa” ou “declaración responsable”.
- Engádese un apartado B) no artigo 7 por coherencia co disposto no apartado 2 do artigo 1.
- Complétase o epígrafe 3 do apartado D) do artigo 7 por identidade das actividades administrativas a realizar no suposto de “licenza de parcelación” e “declaración de innecesiedade de parcelación”.
- Introdúcense no mesmo artigo 7 os apartados 9, 10 e 11 para fixar unha taxa, en contía idéntica ao custo das anotacións no rexistro da propiedade, para determinados supostos de obrigado cumprimento regulados nos artigos 65 e 28 do Real Decreto Lexislativo 7/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

### Cuarto. Contido.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:23

Páxina 2 de 4

Expediente 2312/500

Código de verificación: 23E84-3A32B-CBBBE-A8245

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

A nova redacción da Ordenanza que se propón modificar integra o contido mínimo esixido no artigo 16 do TRLRHL<sup>1</sup>, sen que, a xuízo do funcionario que subscribe, o texto proposto conteña preceptos ou disposicións que contraveñan o disposto no TRLRFL, na LXT, ou nas demais Leis do Estado reguladoras da materia e demais disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

#### **Quinto. Consideracións xurídicas.**

1. En cumprimento do disposto no apartado 2 do artigo 24 do TRLRFL, no expediente consta estudo económico elaborado por técnico municipal donde se acredita que os ingresos totais previstos derivados da taxa a que nos estamos a referir, non excede, no seu conxunto, do custo real ou previsible derivado da prestación do servizo, resultando un índice de cobertura do 15,77%, financiándose a diferenza con ingresos non finalistas procedentes doutras fontes de ingresos municipais.

A importancia da esixencia de elaboración dos estudos e memorias económico-financeiras como trámite esencial do procedemento fixado polo TRLRFL (A LEI 362/2004), xustifica a nulidade das ordenanzas fiscais expedidas con omisión deste trámite, ou a súa insuficiencia [Sentenza do Tribunal Supremo do 18 de marzo de 2010 (A LEI 55579/2010) (A LEI 55579/2010)].

Non obstante, tal e como se indica no informe económico, tendo en conta que a modificación proposta non contempla un incremento das tarifas, introducíndose unicamente variacións no texto co fin de clarificalo e adaptalo ás novidades normativas dos últimos anos, o mencionado estudo económico-financeiro non resultaría imprescindible, conservando, ao respecto, toda a súa virtualidade o que se elaborou no momento de establecemento da taxa ou da última modificación substancial producida.

2. O Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo considera conforme a Dereito a proposta de acordo contida no expediente.

#### **Sexto. Incidencia no teito de gasto.**

Xa que a modificación proposta, como temos visto, non contempla unha modificación das tarifas aplicables, o acordo que se adopte ao respecto non terá incidencia algunha no nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra

1 O artigo 16 do TRLRFL dispón que: “Os acordos de modificación das devanditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación”.





CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

de gasto no anos 2017 e seguintes, xa que non suporá, por se mesmo, un aumento ou diminución da recaudación pola correspondente taxa.

#### **Sétimo. Procedemento e competencia.**

O procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente para a modificación das ordenanzas fiscais aparece recollido nos artigos 49 da LRBRL, 15 e seguintes do TRLRFL e no Regulamento Orgánico do Pleno, coas especialidades que se sinalan no título X da LRBRL (“Réxime de organización dos municipios de gran poboación”), sendo o órgano competente o Pleno da Corporación, por maioría simple, previa aprobación do proxecto de modificación da ordenanza pola Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1 a) da LRBRL.

En aplicación do disposto no artigo 90 do Regulamento Orgánico do Pleno unha vez aprobado o proxecto pola Xunta de Goberno Local, concederáse aos grupos políticos municipais o prazo indicado no citado precepto para que poidan presentar emendas ao artigado ou a totalidade. Para o caso de que o proxecto fora emendado, as emendas deberán ser incorporadas ao proxecto que deberá someterse novamente a Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

#### **Conclusións.**

En consecuencia, esta Intervención fiscaliza DE CONFORMIDADE a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora dos Dereitos e Taxas pola concesión de Licenzas para Construcións, Obras e Instalacións e outros Servizos Urbanísticos” para o exercicio 2017, nos termos contidos no presente informe.

Vigo, 2 de setembro de 2016  
O Interventor Xeral  
Asdo. Alberto Escariz Couso



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:23

Páxina 4 de 4

Expediente 2312/500

Código de verificación: 23E84-3A32B-CBBBE-A8245

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **12 de setembro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

**4.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓNS TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO. (50). EXPTE. 2312/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 31/08/16 e o informe de fiscalización do 7/09/16, dáse conta do informe-proposta do 30/08/16, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos Municipal presenta a proposta da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola concesión de licenzas para Construcións, Obras e Instalacións, que figura no presente expediente.

Segundo proposta formulada con data 18 de xullo de 2016 polo Xerente Municipal de Urbanismo coa conformidade da Vicepresidenta da Xerencia, introdúcese as seguintes modificacións:

Incorpórase un apartado 2 no artigo 1 que completa o feito impoñible desta taxa co suposto do “control das obras que debe exercer o Concello nos casos de construcións, obras e instalacións derivadas de ordes de execución e outras impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística”.

Esta inclusión vén a solventar e corrixir a inxustiza fiscal que supoñía, na ordenanza vixente, o non sometemento á taxa das obras que debían realizar os infractores para restituír a legalidade urbanística.

Introdúcese un apartado 8 no artigo 1 da ordenanza destinado a prever a devolución do 50% da taxa ingresada nos supostos de renuncia, tendo sido realizado o feito impoñible a partir dunha “comunicación previa” ou “declaración responsable”.

Engádese un apartado B) no artigo 7 por coherencia co disposto no apartado 2 do artigo 1.

Complétase o epígrafe 3 do apartado D) do artigo 7 por identidade das actividades administrativas a realizar no suposto de “licenza de parcelación” e “declaración de innecesiedade de parcelación”.

Introdúcese no mesmo artigo 7 os apartados 9, 10 e 11 para fixar unha taxa, en contía idéntica ao custo das anotacións no rexistro da propiedade, para determinados supostos de obrigado cumprimento regulados nos artigos 65 e 28 do Real Decreto Legislativo 7/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.



A presente modificación axústase ao disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e, en particular ao artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do Tribunal Económico-Administrativo (TEA) do Concello o “Proxecto de Modificación da presente ordenanza fiscal”, así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de ordenanza fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto” tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no trámite que determina o Regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao Proxecto que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, formula á Xunta de Goberno Local, a seguinte:

#### PROPOSTA:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓNS TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO”. (50)

#### ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO

*(Introdúcense apartados 2 e 8 do seguinte tenor literal)*

2. Constitúe feito impoñible da taxa a actividade de control que debe exercer o Concello sobre as construcións, obras ou instalacións derivadas de ordes de execución, e sobre as obras derivadas de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística.

8. Nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de “declaración responsable” ou “comunicación previa”, e o solicitante renuncie á realización da obra, construción ou instalación, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada sempre que a renuncia fose presentada con anterioridade ao momento en que a comunicación ou declaración adquiera eficacia.

#### ARTIGO 4.-

*(Complétase a redacción do apartado 1)*

1. Non estarán suxeitos á obriga de contribuír os titulares de licenzas ou comunicacións previas para branqueo, pintado ou reboco de exteriores, cerramentos con elementos vexetais e con elementos non opacos.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:23

Páxina 2 de 4

Expediente 2312/500

Código de verificación: 25EE4-4A22D-CDBCE-8DA8E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS***(Modificación derivada do novo texto do artigo 7)*

3. Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta e de reforma incluídas nos “plans especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello”, así como edificios catalogados do PEEC, agás o disposto no apartado C) do artigo 7. Esta bonificación será do 100% para Bens de Interese Cultural nos termos e na extensión que determina a Lei 25/85 de Patrimonio Histórico Español. Estas bonificacións quedarán sen efecto se as obras non se axustan ao proxecto presentado e aprobado.

**ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE, LIQUIDABLE E COTAS***(Modificacións derivadas do texto do artigo 1 e do artigo 7)*

1. No caso das actividades descritas nos apartados 1 e 2 do artigo 1, a base imponible, que será igual á base liquidable, é o presuposto da construción, instalación ou obra a realizar.

2. No caso das actividades descritas no apartado 3 do artigo 1 a base imponible que será igual a base liquidable é o presuposto da obra actualizado á data da solicitude de declaración de fora de ordenación. No caso de existiren dificultades para presentar dito presuposto, a base liquidable será o valor catastral da construción multiplicado por 2.

3. Para os restantes servizos urbanísticos as bases liquidables figuran no apartado D) do artigo 7.

**ARTIGO 7.-***(Introdución dun apartado B) derivado da modificación no feito imponible así como de cotas tributarias para os supostos de anotación no rexistro da propiedade por aplicación da Lei do Solo)*

B) Actividade de control das obras derivadas de ordes de execución e de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística: 0,95 por cento sobre a base liquidable.

C) *(antes B)*

D) *(antes C)*

3.- Licenzas de parcelación urbanística, ou declaración de innecesiedade de parcelación, por cada parcela resultante 48,15 €

9. Pola anotación preventiva da incoación de expedientes sobre disciplina urbanística ou restauración da legalidade urbanística, ou de aqueles que teñan por obxecto o apremio administrativo para garantir, tanto o cumprimento das sancións impostas, como das resolucións para restablecer a orde urbanística infrinxida, o importe da taxa ascenderá ao custe da anotación preventiva no rexistro da propiedade.

10. Pola anotación no rexistro da propiedade de actos firmes de aprobación de ordes administrativas de execución de obras para o cumprimento do deber de conservación, o importe da taxa ascenderá ao custe da nota marxinal no rexistro da propiedade.

11. Pola nota ao marxe da inscrición da declaración de obras novas, da concreta situación urbanística da mesma, coa delimitación do seu contido e indicación expresa das limitacións



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:23

Páxina 3 de 4

Expediente 2312/500

Código de verificación: 25EE4-4A22D-CDBCE-8DA8E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

que se impoñan ao propietario, de conformidade co artigo 28.4.c) do RD Lexislativo 7/2015, a cota será o custe da inscrición no rexistro da propiedade.

#### ARTIGO 8.-

*(Modificación derivada da nova redacción do artigo 7)*

1. As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude, acreditar o ingreso do importe total estimado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. Será base liquidable, para o cálculo de cotas relativas aos apartados A) e B) do artigo 7, o importe do presuposto presentado polo interesado, que deberá estar subscrito polo técnico autor do proxecto, e que en ningún caso poderá ser inferior ao resultado de aplicar os módulos do anexo da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a ditame do Tribunal Económico-Administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado, en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a doce de setembro do ano dous mil dezaseis.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.





**CONCELLO DE VIGO**  
**TRIB. EC-ADM**

**TIPO: Dictame**

**SOLICITANTE: Xunta de Goberno Local**

**EXPEDIENTE: ORDENANZAS 2017 (2312/500) REF: I4045 E4213 P3682**

**ASUNTO: MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓNS TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO". (50)**

**En Vigo, a 15/09/2016, examinada a proposta de dictame asinada polo Vocal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo en data 14/09/2016 co seguinte literal:**

A Xunta de Goberno Local, en Sesión que tivo lugar o día 12 de setembro de 2016, aprobou o Proxecto de modificación da citada Ordenanza Fiscal.

A Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, en Sesión Extraordinaria e Urxente que tivo lugar o trinta e un de agosto de dous mil dezaséis, xa tiña emitido e aprobado, a solicitude da Dirección de Ingresos, informe previo sobor da proposta á Xunta de Goberno Local da modificación agora aprobada coma Proxecto.

Tal e coma se indicaba no dito informe previo, a modificación das Ordenanzas Fiscaís ven regulada, nos aspectos que aquí nos interesan, nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(LFL).
- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo acordo do Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 14 de xuño de 2.004 (ROTEACV).

A modificación das Ordenanzas fiscaís é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 123.1.g ("La determinación de los recursos propios de carácter tributario") e a súa tramitación non sigue as normas xerais de modificacións de Ordenanzas e Regulamentos que veñen establecidas pola propia LRBRL, sinón as específicas establecidas polo TRLFL.

Efectivamente, compre ter en conta que o artigo 111 LRBRL establece que "Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la imposición y ordenación de tributos locales..." e que a dita normativa está contida nos artigos 15 a 19 da LFL, polo que, no caso das Ordenanzas Fiscaís, a súa tramitación non segue o procedemento ordinario nin o establecido polo Regulamento Orgánico do Pleno, cuxo artigo 89,1 xa exclúe da tramitación polas normas nel contidas os proxectos normativos que contén con lexislación sectorial aplicable e dita lexislación, coma dixemos, e a dos artigos 15 e 19 da LFL, ós que se remite o artigo 111 da LRBRL.

Nesta regulación sectorial, e e concreto no artigo 17 LFL, se prevé un específico trámite de información pública para que, antes da aprobación definitiva, os interesados que cita a propia Lei poidan "presentar reclamaciones" concepto éste más concreto e restrictivo que o de "alegaciones y observaciones" do procedemento xeral.

Por iso, e sin prexuízo de que, antes de sometelo a aprobación plenaria, o goberno municipal poida efectuar as súas lexítimas transaccións cós grupos municipais ou incluso enmendar o propio texto proposto, o Pleno non pode máis que ratificar ou non o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e posteriormente dictaminado por este Tribunal Económico Administrativo en virtude do disposto nos artigos 137.1.b da LBRL e 2.b do ROTEACV.

Tal e coma se recolle nas propostas remitidas, "O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose emendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as emendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA. "

**SOBRE AS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:23

Páxina 1 de 2

Expediente 2312/500

Código de verificación: 2CE54-4A42D-CBB88-3AC5D

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**CONCELLO DE VIGO**  
**TRIB. EC-ADM**

Segundo consta no informe-proposta que figura no expediente:

"Segundo proposta formulada con data 18 de xullo de 2016 polo Xerente Municipal de Urbanismo coa conformidade da Vicepresidenta da Xerencia, introdúcese as seguintes modificacións:

Incorpórase un apartado 2 no artigo 1 que completa o feito imponible desta taxa co suposto do "control das obras que debe exercer o Concello nos casos de construcións, obras e instalacións derivadas de ordes de execución e outras impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística".

Esta inclusión vén a solventar e corruxir a inxustiza fiscal que supoñía, na ordenanza vixente, o non sometemento á taxa das obras que debían realizar os infractores para restituír a legalidade urbanística.

Introdúcese un apartado 8 no artigo 1 da ordenanza destinado a prever a devolución do 50% da taxa ingresada nos supostos de renuncia, tendo sido realizado o feito imponible a partir dunha "comunicación previa" ou "declaración responsable".

Engádese un apartado B) no artigo 7 por coherencia co disposto no apartado 2 do artigo 1.

Complétase o epígrafe 3 do apartado D) do artigo 7 por identidade das actividades administrativas a realizar no suposto de "licenza de parcelación" e "declaración de innecesiedade de parcelación".

Introdúcese no mesmo artigo 7 os apartados 9, 10 e 11 para fixar unha taxa, en contía idéntica ao custo das anotacións no rexistro da propiedade, para determinados supostos de obrigado cumprimento regulados nos artigos 65 e 28 do Real Decreto Lexislativo 7/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo. "

En relación coas modificacións propostas, compre ter en conta que cando se trate do establecemento ou modificación, coma a presente, dos elementos previstos na lei, non precisa a súa adopción de motivación ou razonamento algún, ó se tratar do mero exercicio de funcións de Xusticia (neste caso, do exercicio do poder tributario local; vid. STSX de Cataluña de 30-4-94 Rec 693/1990) debendo limitarse a verificar que os límites previstos na TRLFL non son superados, constatándose no presente que efectivamente é así. No mesmo sentido, a STSX da Comunidade Valenciana de 27-1-1994 (Arz JT 1994,71), sobre incremento de tipos de IBI, IVTM, IVTNU, declara que en tanto se atopan dentro dos límites establecidos legalmente, de conformidade có disposto na LFL, resulta impertinente esixir unha especial motivación ou xustificación.

No expediente tramitado acompáñase, actualizado, o estudo económico-financeiro citado xunta coas novas taxas propostas, en donde se constata que o importe das taxas pola prestación dos servizos ou pola realización das actividades non excede, no seu conxunto, do seu custo anual (art. 24.2, parágrafo 1º TRLRFL).

Ó non se producir modificación algunha entre a proposta á Xunta de Goberno Local e o Proxecto de Modificación aprobado por ésta, compre procedente propoñer, en idénticos termos, dictame favorable ó mentado Proxecto de Modificación.

En virtude do exposto este Tribunal considera conforme a dereito o Proxecto de Modificación que consta no expediente.

Tralo exame da proposta subliñada, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias

**ACORDA**

Prestar conformidade á proposta de dictame e, en consecuencia, dictaminar favorablemente o Proxecto de modificación da Ordenanza subliñada

Vigo, a 15/09/2016

O Secretario

Asdo: Manuel Xosé Lorenzo Penela

Vº e pr; o Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:23

Páxina 2 de 2

Expediente 2312/500

Código de verificación: 2CE54-4A42D-CBB88-3AC5D

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

## **JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,**

**CERTIFICA:** Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día **3 de outubro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

### **7.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICIACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO. (50). EXPTE. 2312/500 (REXISTRO PLENO 1424/1101)**

#### **ANTECEDENTES:**

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.08.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos Municipal presenta a proposta da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola concesión de licenzas para Construcións, Obras e Instalacións, que figura no presente expediente.

Segundo proposta formulada con data 18 de xullo de 2016 polo Xerente Municipal de Urbanismo coa conformidade da Vicepresidenta da Xerencia, introdúcense as seguintes modificacións:

Incorpórase un apartado 2 no artigo 1 que completa o feito impositivo desta taxa co suposto do “control das obras que debe exercer o Concello nos casos de construcións, obras e instalacións derivadas de ordes de execución e outras impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística”.

Esta inclusión vén a solventar e corrixir a inxustiza fiscal que supoñía, na ordenanza vixente, o non sometemento á taxa das obras que debían realizar os infractores para restituír a legalidade urbanística.

Introdúcese un apartado 8 no artigo 1 da ordenanza destinado a prever a devolución do 50% da taxa ingresada nos supostos de renuncia, tendo sido realizado o feito impositivo a partir dunha “comunicación previa” ou “declaración responsable”.

Engádese un apartado B) no artigo 7 por coherencia co disposto no apartado 2 do artigo 1.

Complétase o epígrafe 3 do apartado D) do artigo 7 por identidade das actividades administrativas a realizar no suposto de “licenza de parcelación” e “declaración de innecesariedade de parcelación”.

Introdúcense no mesmo artigo 7 os apartados 9, 10 e 11 para fixar unha taxa, en contía idéntica ao custo das anotacións no rexistro da propiedade, para determinados supostos de obrigado cumprimento regulados nos artigos 65 e 28 do Real Decreto Lexislativo 7/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

A presente modificación axústase ao disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e, en particular ao artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985, de

2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do Tribunal Económico-Administrativo (TEA) do Concello o “Proxecto de Modificación da presente ordenanza fiscal”, así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de ordenanza fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto” tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no trámite que determina o Regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao Proxecto que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, formula á Xunta de Goberno Local, a seguinte:

#### PROPOSTA:

Aprobar provisionalmente a seguinte

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓNS TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO”. (50)

#### ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO

*(Introdúcense apartados 2 e 8 do seguinte tenor literal)*

2. Constitúe feito imponible da taxa a actividade de control que debe exercer o Concello sobre as construcións, obras ou instalacións derivadas de ordes de execución, e sobre as obras derivadas de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística.

8. Nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de “declaración responsable” ou “comunicación previa”, e o solicitante renuncie á realización da obra, construción ou instalación, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada sempre que a renuncia fose presentada con anterioridade ao momento en que a comunicación ou declaración adquira eficacia.

#### ARTIGO 4.-

*(Complétase a redacción do apartado 1)*

1. Non estarán suxeitos á obriga de contribuír os titulares de licenzas ou **comunicacións previas** para branqueo, pintado ou reboco de exteriores, cerramentos con elementos vexetais e con elementos non opacos.

#### ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

*(Modificación derivada do novo texto do artigo 7)*

3. Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta e de reforma incluídas nos “plans especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello”, así como edificios catalogados do PEEC, agás o disposto no apartado **C**) do artigo 7. Esta bonificación será do 100% para Bens de Interese Cultural nos termos e na extensión que determina a Lei 25/85 de Patrimonio Histórico Español. Estas bonificacións quedarán sen efecto se as obras non se axustan ao proxecto presentado e aprobado.



## ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE, LIQUIDABLE E COTAS

*(Modificacións derivadas do texto do artigo 1 e do artigo 7)*

1. No caso das actividades descritas nos apartados 1 e 2 do artigo 1, a base imponible, que será igual á base liquidable, é o presuposto da construción, instalación ou obra a realizar.

2. No caso das actividades descritas no apartado 3 do artigo 1 a base imponible que será igual a base liquidable é o presuposto da obra actualizado á data da solicitude de declaración de fora de ordenación. No caso de existiren dificultades para presentar dito presuposto, a base liquidable será o valor catastral da construción multiplicado por 2.

3. Para os restantes servizos urbanísticos as bases liquidables figuran no apartado **D)** do artigo 7.

## ARTIGO 7.-

*(Introdución dun apartado B) derivado da modificación no feito imponible así como de cotas tributarias para os supostos de anotación no rexistro da propiedade por aplicación da Lei do Solo)*

B) Actividade de control das obras derivadas de ordes de execución e de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística: 0,95 por cento sobre a base liquidable.

C) *(antes B)*

D) *(antes C)*

3.- Licenzas de parcelación urbanística, **ou declaración de innecesiedade de parcelación**, por cada parcela resultante 48,15 €

9. Pola anotación preventiva da incoación de expedientes sobre disciplina urbanística ou restauración da legalidade urbanística, ou de aqueles que teñan por obxecto o apremio administrativo para garantir, tanto o cumprimento das sancións impostas, como das resolucións para restablecer a orde urbanística infrinxida, o importe da taxa ascenderá ao custe da anotación preventiva no rexistro da propiedade.

10. Pola anotación no rexistro da propiedade de actos firmes de aprobación de ordes administrativas de execución de obras para o cumprimento do deber de conservación, o importe da taxa ascenderá ao custe da nota marxinal no rexistro da propiedade.

11. Pola nota ao marxe da inscrición da declaración de obras novas, da concreta situación urbanística da mesma, coa delimitación do seu contido e indicación expresa das limitacións que se impoñan ao propietario, de conformidade co artigo 28.4.c) do RD Lexislativo 7/2015, a cota será o custe da inscrición no rexistro da propiedade.

## ARTIGO 8.-

*(Modificación derivada da nova redacción do artigo 7)*

1. As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude, acreditar o ingreso do importe total estimado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. Será base liquidable, para o cálculo de cotas relativas aos apartados A) e B) do artigo 7, o importe do presuposto presentado polo interesado, que deberá estar subscrito polo técnico autor do proxecto, e que en ningún caso poderá ser inferior ao resultado de aplicar os módulos do anexo da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre

construcións, instalacións e obras.

## DISPOSICIÓN FINAIS

2ª Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

En sesión de data 12 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 26.09.2016, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

VOTACIÓN DO FONDO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e tres abstencións do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

### ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola concesión de licenzas para Construcións, Obras e Instalacións, l segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e praxe do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo a catro de outubro do ano dous mil dezaseis.  
am

Vº e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.

